

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



O Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, por Resolución de data 11 de maio de 2022, resolveu;

ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA BOMBA DE CALOR PARA O AUDITORIO DO CMD DE TEIS. EXPTE. 10305/320.

Con data 5/05/2022, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución de 11/04/2022), asinou o informe proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro e instalación dunha bomba de calor para o auditorio do CMD de Teis.

Na redacción do informe proposta para a adxudicación do contrato se teñen advertido os seguintes erros:

- No último parágrafo do apartado I "Lexislación aplicable" debera dicir "Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro e instalación dunha bomba de calor para o auditorio do CMD de Teis", en vez de, "Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de mantemento dos sistemas de climatización e calefacción instalados nos edificios municipais dependentes da área de Participación Cidadá do Concello de Vigo"
- Na numeración do parágrafo correspondente aos "Fundamentos Xurídicos", debera dicir "IV" no canto de "III",
- O punto segundo da proposta de resolución, cando di "Adxudicar a SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (A74257437) o servizo de mantemento por un prezo total de 47.961,28 €, dos que 39.637,42 € corresponden á base imponible e 8.323,86€ ao IVE", debera dicir "Adxudicar a SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (A74257437) o subministro e instalación dunha bomba de calor para o auditorio do CMD de Teis, por un prezo total de 47.961,28 €, dos que 39.637,42 € corresponden á base imponible e 8.323,86€ ao IVE."

A vista das consideracións expostas, se procede á corrección dos erros detectados, sen que se vexa afectado ningún aspecto substancial do contido do informe que transcribe deseguido coas emendas propostas:

"INFORME PROPOSTA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2022 09:23	Páxina 1 de 7
Expediente/Documento 10305-320	CSV: ABAAAH-EHB12F-BDB3B5-PWBVKG-KGMDCH-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro e instalación dunha bomba de calor para o auditorio do CMD de Teis.

II.- ANTECEDENTES

Primeiro. Segundo consta no certificado de licitadores expedido pola secretaria de Administración Municipal de data 21/04/2022, durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 6/04/2022, para a contratación por procedemento aberto da "Adquisición e instalación dunha bomba de calor para o auditorio do CMD de Teis, así como todos os traballos complementarios necesarios para que a instalación quede operativa e legalizada de acordo coa normativa vixente de aplicación. Expediente 10305-320", que rematou o día 18 de abril, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha oferta a través da mesma.

Así mesmo, segundo a lista de licitadores da Plataforma de Contratación do Estado que achega o servizo de Contratación, presentáronse as seguintes empresas:

1. ACEUVE MANTENIMIENTO, S.L.
2. CLIMAWORK
3. LEMOS RENOVABLES, S.L.
4. SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A.
5. TERMOCALOR VIGO, S.L.

Segundo. De acordo co procedemento para a presentación electrónica das proposicións previstas na cláusula 14 do PCAP e das normas para o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos de adxudicación de contratos da Disposición Adicional 16ª (apartado 1.h) da LCAP, con data 22/04/2022, se procede á descriptación da documentación das proposición, co seguinte resultado:

	Licitador	DEUC	Anexo II PCAP	Acreditación n habilitación profesional *	Prezo sen IVE
1	ACEUVE MANTENIMIENTO, S.L.			Non presenta	44.534,22 €
2	CLIMAWORK	X	Non	Non presenta	44.600,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2022 09:23	Páxina 2 de 7
Expediente/Documento 10305-320	CSV: ABAAAH-EHB12F-BDB3B5-PWBVKG-KGMDCH-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	DEUC	Anexo II PCAP	Acreditación habilitación profesional *	Prezo sen IVE
			presenta		
3	LEMOS RENOVABLES, S.L.	Non presenta	Non presenta	Non presenta	Non se axusta ao modelo de proposición ¹
4	SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A.		Non presenta	Non presenta	39.637,42 €
5	TERMOCALOR VIGO, S.L.			Non presenta	42.073,20 €

Á vista da documentación presentada, resultaron as actuacións:

- De conformidade coa cláusula 20.2 do PCAP, non admitir a LEMOS RENOVABLES, S.L. no do PCAP (artigos 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro e 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro).
- Conceder un prazo de tres días aos catro licitadores admitidos para que poidan emendar a documentación presentada.

Terceiro. Con data 29/04/2022 se asina a acta de emenda do sobre único do procedemento e a teor da cal se procedeu a admitir aos catro licitadores (ACEUVE MANTENIMIENTO S.L., CLIMAWORK, SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A., TERMOCALOR VIGO S.L.) por ter emendado correctamente a documentación esixida na cláusula 13.1 do PCAP.

III. AVALIACIÓN DAS OFERTAS

Conforme ao indicado na acta de apertura do sobre único do procedemento, asinada en data 25/04/2022, o servizo xestor procede á comprobación das ofertas, e se estas conteñen valores anormais ou desproporcionados, conforme ao disposto no apartado 6.B do Anexo I FEC do PCAP, así como, á valoración das proposicións presentadas segundo a fórmula recollida no apartado 6.A.1 do dito anexo, co seguinte resultado:

Primeiro. Atendendo ao criterio de adxudicación sinalado no apartado 6.A do Anexo I - FEC- do PCAP, as proposicións admitidas no procedemento, resultan clasificadas por orde decrecente:

Licitador	Prezo do contrato
CLIMAWORK	53.966,00 €
ACEUVE MANTENIMIENTO, S.L.	53.886,40 €
TERMOCALOR VIGO, S.L.	50.908,57 €
SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A.	47.961,28 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2022 09:23	Páxina 3 de 7
Expediente/Documento 10305-320	CSV: ABAAAH-EHB12F-BDB3B5-PWBVKG-KGMDCH-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Aplicación os criterios para determinar que a oferta contén valores anormais

A teor do disposto no apartado 6.B do Anexo I -FEC- do PCAP "Os criterios para determinar que a oferta contén valores anormais: aplicaranse os criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP"

En relación co anterior, e de acordo cos criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias, establecidos no artigo 85.4 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, ningunha das ofertas é inferior en mais de 10 unidades porcentuais á media aritmética das 4 ofertas presentadas (nin tampouco superior á dita media en mais de 10 unidades porcentuais), sendo a:

- Media aritmética das ofertas: 51.680,56 €
- Media aritmética inferior en 10 unidades porcentuais: 46.512,51 €
- Media aritmética superior en 10 unidades porcentuais: 56.848,62 €

Á vista das razóns expostas, en aplicación dos criterios establecidos no apartado 18.1.a) do PCAP se conclúe que ningunha das ofertas incorre en presunción de anormalidade.

Terceiro.- Criterios avaliados a través de fórmula

Finalmente, e atendendo ao establecido no apartado 6.A do Anexo I -FEC- do PCAP, sobre os criterios de adjudicación avaliados mediante fórmula, a proposición que oferta unha maior redución do prezo é a do licitador:

- SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A.

Cuarto.- Conforme ao previsto na cláusula 20.3 do PCAP, e coa asistencia do Servizo de Contratación, compróbase os seguintes extremos en relación co licitador clasificado no primeiro lugar:

- "A súa personalidade, se é unha persoa física ou ben, a súa válida constitución e obxecto social, se é unha persoa xurídica.
- Capacidade de obrar.
- Poder bastante con que actúe o seu representante, no seu caso.
- Que non está incurso en prohibición de contratar".

Quinto.- De acordo co previsto na cláusula 20.4 do PCAP compróbase que o licitador con maior puntuación está ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA e fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social, segundo no certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de data 29/04/2022, incorporado ao expediente polo servizo de Contratación.

Así mesmo, o dito servizo requiriu de oficio a certificación acreditativa de que o licitador con maior puntuación está ao corrente nas súas obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2022 09:23	Páxina 4 de 7
Expediente/Documento 10305-320	CSV: ABAAAH-EHB12F-BDB3B5-PWBVKG-KGMDCH-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En consecuencia, segundo o previsto na cláusula 22 do PCAP, procede formular ao órgano de contratación proposta de adxudicación deste procedemento en base aos seguintes

IV.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Dita obriga atópase delegada nos concelleiros responsables das diferentes áreas en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020. A resolución de adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.1 da LCSP).

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, correspóndelle ao servizo xestor de conformidade coa cláusula 22.1 do PCAP.

Trátase dun contrato de subministro cuxo obxecto é a adquisición e instalación dunha bomba de calor para o auditorio do CMD de Teis, así como todos os traballos complementarios necesarios para que a instalación quede operativa e legalizada de acordo coa normativa vixente de aplicación, co contido económico reflectido no apartado 3 da FEC: orzamento base de licitación de 56.628,00 €

A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña unha mellor oferta, trala aplicación dos criterios avaliábeis mediante fórmula previstos no apartado 6.A das FEC ("As ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferta unha maior redución do prezo do contrato"), de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 1 da LCSP).

De conformidade cos antecedentes e motivación anteriormente expostos, resulta procedente formular proposta de adxudicación a favor de SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (A74257437) por importe de **47.961,28 €**.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle ao órgano de contratación (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), competencia delegada no concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, en virtude do decreto de delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2022 09:23	Páxina 5 de 7
Expediente/Documento 10305-320	CSV: ABAAAH-EHB12F-BDB3B5-PWBVKG-KGMDCH-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

..."

En base ao que antecede e, fiscalizado de conformidade pola Intervención Xeral Municipal en data 9/05/2022, e en uso das facultades que me confire a lexislación vixente, así como o decreto de delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020:

RESOLVO:

"PRIMEIRO: Tomar razón da inadmisión da empresa LEMOS RENOVABLES S.L., nos termos recollidos na acta de apertura do sobre único do procedemento, asinada con data 25/04/2022, por non axustarse a súa proposición ao modelo recollido no apartado 5 do anexo I -FEC- do PAC (artigos 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro e 84 do R.D. 1098/2001, de outubro)

SEGUNDO: Adxudicar a **SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (A74257437)** o subministro e instalación dunha bomba de calor para o auditorio do CMD de Teis, por un prezo total de **47.961,28 €**, dos que 39.637,42 € corresponden á base impositiva e 8.323,86€ ao IVE.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e da oferta presentada en expte. 10305/320".

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos, informando que contra a anterior resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, ambos dous contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

Os informes e documentación que motivan esta adxudicación poden consultalos no seguinte enderezo web:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=cMrOFA3DgyOiEJrVRqloyA%3D%3D

De conformidade coa cláusula 24.1 do PCAP "a formalización do contrato efectuarase mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación", polo que deberán asinar esta resolución de adxudicación e enviala ao seguinte correo electrónico á maior brevidade posible: contratacion@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2022 09:23	Páxina 6 de 7
Expediente/Documento 10305-320	CSV: ABAAAH-EHB12F-BDB3B5-PWBVKG-KGMDCH-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practícanse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

A xefa do Servizo de Contratación (por delegación-resolución 15.09.2021).- Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2022 09:23	Páxina 7 de 7
Expediente/Documento 10305-320	CSV: ABAAAH-EHB12F-BDB3B5-PWBVKG-KGMDCH-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		